OBSERVACIÓNS Á ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO DO ANTEPROXECTO DE LEI PARA A IGUALDADE EFECTIVA DE MULLERES E HOMES DE GALICIA

Solicitante: Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Expediente: 2022/57

FEITOS

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade remite, o día 30 de novembro do 2022, a esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude o Anteproxecto de Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.PERTINENCIA DA ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO.

Segundo o disposto no artigo 8.1 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos procedementos de elaboración de proxectos de lei e decretos, así como de documentos de planificación sectorial que tramite a Administración autonómica, deberá darse traslado do texto proxectado, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a formulación, se é o caso, das observacións que considere procedentes nesta materia.

Así mesmo, o apartado 9º do artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, engadido pola Disposición Derradeira Segunda da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece que todos os proxectos de decreto serán remitidos, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección competente en materia de dinamización demográfica, para os efectos previstos no artigo 8 da Lei de impulso demográfico de Galicia.

Por outra banda, o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, recolle no seu artigo 13.1 c, que lle corresponde á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica , como órgano de dirección da consellería, a función de exercer as políticas destinadas a favorecer e impulsar o crecemento demográfico, a renovación xeracional e a reverter o envellecemento poboacional.

Complexo San Caetano – Edificio 8 B
T. +34 981 544 655
dxfamiilia.politicasocial@xunta.gal
www.xunta.gal

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 07/12/2022 10:40:22

CVE: ArwD8daoJdn6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. OBSERVACIÓNS EN CANTO A AVALIACIÓN DO IMPACTO DEMOGRÁFICO.

O artigo 3 e) da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, define o impacto demográfico como a identificación e valoración dos diferentes efectos e resultados dunha norma ou dunha política pública no comportamento da poboación, co obxecto de neutralizar posibles efectos que dificulten ou impidan o impulso demográfico, definindo este no apartado c) como o conxunto de medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable e ao logro do equilibrio territorial e social, de modo que se creen contornos favorables para o asentamento da poboación, o desenvolvemento saudable e o benestar da infancia e unha libre realización dos proxectos vitais que permita cumprir as expectativas e os desexos da poboación de poder formar unha familia e aproxime a fecundidade á media da Unión Europea, que promova o envellecemento activo e saudable e que facilite o retorno das galegas e dos galegos residentes no exterior e a atracción de nova poboación ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na avaliación que acompaña a lei, establécese, que o impacto demográfico da norma é positivo, indicando que ten efectos nos sete eixos en que se estrutura a mesma, porque contribúe a eliminación de estereotipos, prexuízos e roles de xénero e proporciona políticas de integración social e políticas de corresponsabilidade; integra a perspectiva de xénero no teletraballo; o acceso en condicións de igualdade ás oportunidades económicas mediante o emprego por conta propia ou por conta allea; a responsabilidade social das empresas e das entidades do terceiro sector en materia de igualdade; a integración transversal da perspectiva de xénero no exercicio das competencias da administración autonómica de Galicia relacionadas coas mulleres inmigrantes, singularmente ás relativas ao retorno e atracción de nova poboación; fomento da contratación de mulleres en situación de especial desvantaxe ou en sectores con infrarrepresentación feminina; prevé o acceso de mulleres e de homes ás tecnoloxías da información e da comunicación, á sociedade da información e á dixitalización da economía en condicións de igualdade de trato e de oportunidades; acada servizos adecuados de saúde nas zonas rurais e costeiras non urbanas, respecto a todos os aspectos que se regulan neste ámbito, entre outras.

Unha vez analizados o anteproxecto de lei, e a avaliación que o acompaña, obsérvase, que a norma vén a dar cumprimento ao establecido na Resolución da Asemblea Xeral das Nacións Unidas “Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable”, da cal constitúe un piar básico a igualdade de xénero, reforzar o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade de xénero, que tamén recolle o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 como obxectivos transversais para conseguir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a dinamización e a revitalización demográfica de Galicia, e que foi ratificado no VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, así como no Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, no que se establece un compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través da repartición equitativa dos traballos e das responsabilidades no ámbito privado, e servizos que apoien as familias na atención ás persoas menores e en situación de dependencia, que nesta lei aparece recollido no artigo 18, no que ademais, se individualiza o dereito e se fomenta a súa asunción por parte dos homes.

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 07/12/2022 10:40:22
CVE: ArwD8daoJdn6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Tamén se valora positivamente, as medidas establecidas no artigo 29 referentes as estatísticas, estudos e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero realizadas pola Administración xeral ou por entidades integradas no Sector Público autonómico de Galicia inclúan a variable de sexo, tal como impón a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, na que establece a obriga de incorporar a perspectiva de xénero, consonte o previsto na normativa estatística da Comunidade Autónoma de Galicia.

Outro dos aspectos positivos, é a introdución do dereito a unha maternidade sen risco no que se introduce unha serie de medidas para evitar situacións de violencia obstétrica, garantindo a autonomía da muller e a súa capacidade para tomar decisións informadas sobre a súa saúde sexual e reprodutiva, así como o establecemento dunha rede de apoio á muller embarazada.

Por tanto, o impacto demográfico da norma é positivo, porque ten efectos en tódolos eixos nos que se estrutura a avaliación, e vén a recoller a transversalidade da igualdade de oportunidades e de trato en tódalas políticas e accións, tanto no ámbito público como no privado, que son un principio fundamental na posta en práctica das medidas de impulso demográfico.

Santiago de Compostela

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo Rey Sastre

(documento asinado dixitalmente)

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 07/12/2022 10:40:22

CVE: ArwD8daoJdn6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve